

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

**13208** *Real decreto 1085/2015, do 4 de decembro, de fomento dos biocarburantes.*

#### I

A Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE, establece que cada Estado membro velará por que a cota de enerxía procedente de fontes renovables en todos os tipos de transporte en 2020 sexa, como mínimo, equivalente ao 10 por cento do seu consumo final de enerxía no transporte.

A disposición adicional décimo sexta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, estableceu obxectivos anuais de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte ata o ano 2010, e habilitou o Goberno para modificar os ditos obxectivos, así como para establecer obxectivos adicionais.

A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, estableceu no seu artigo 78 un obxectivo nacional mínimo de participación das enerxías renovables no consumo de enerxía final bruto do 20 por cento en 2020. Este obxectivo deberase alcanzar cunha cota de enerxía procedente de enerxías renovables en todos os tipos de transporte en 2020, que sexa, como mínimo, equivalente ao 10 por cento do consumo final de enerxía do sector transporte.

Por outro lado, o Real decreto 1597/2011, do 4 de novembro, polo que se regulan os criterios de sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos, o Sistema nacional de verificación da sustentabilidade e o dobre valor dalgúns biocarburantes, para efectos do seu cómputo, establece, entre outras cuestións, a metodoloxía de cálculo das emisións de gases de efecto invernadoiro, as definicións aplicables no dito cálculo e a descrición dos axentes económicos integrados na cadea de produción e comercialización de biocarburantes e biolíquidos, cuxas instalacións e produtos estarán suxeitos a inspección e control no marco do Sistema nacional de verificación do cumprimento dos criterios de sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos.

Posteriormente, a Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, cuxo antecedente foi o Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, considerou xustificado, para velar pola estabilidade dos prezos dos combustibles de automoción, dado o escenario de recesión económica e tendo en conta a evolución das cotizacións dos produtos petrolíferos, reducir os obxectivos que para 2013 foron regulados no Real decreto 459/2011, do 1 de abril, polo que se fixan obxectivos obrigatorios de biocarburantes para os anos 2011, 2012 e 2013. A dita lei estableceu uns obxectivos de venda ou consumo de biocarburantes global e para o gasóleo do 4,1 por cento e para a gasolina do 3,9 por cento, todos eles en contido enerxético, para os anos 2013 e sucesivos, e habilitou o Goberno para modificar os obxectivos previstos nesta, así como para establecer obxectivos adicionais.

Modificada substancialmente a conxuntura que deu lugar á aprobación da Lei 11/2013, do 26 de xullo, e tendo en conta o actual escenario de prezos dos carburantes, considérase conveniente revisar os obxectivos de venda ou consumo de biocarburantes para o período 2016-2020 e establécese unicamente un obxectivo global de consumos mínimos obrigatorios de biocarburantes, de maneira que os suxeitos obrigados teñan flexibilidade para alcanzalo, a través de certificados de biocarburantes en diésel ou en gasolina, indistintamente.

O presente real decreto establece, para o ano 2016, un obxectivo global anual mínimo obrigatorio de venda ou consumo de biocarburantes do 4,3 por cento, e para os anos 2017,

2018, 2019 e 2020, uns obxectivos do 5 por cento, 6 por cento, 7 por cento e 8,5 por cento, respectivamente, todos eles en contido enerxético.

Para a determinación da obrigación de 2016 considerouse un obxectivo do 4,5 por cento no segundo semestre do ano, mantendo a obrigación do 4,1 por cento durante os seis meses necesarios para a adaptación dos suxeitos obrigados ao previsto no real decreto.

A regulación dun único obxectivo global de venda ou consumo de biocarburantes, sen restricións por produto, desde a entrada en vigor do real decreto, dota os suxeitos obrigados de maior flexibilidade no cumprimento do citado obxectivo.

Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 41.4 da Lei 11/2013, do 26 de xullo, habilítase o Goberno para modificar os obxectivos anteriormente establecidos, así como para establecer obxectivos adicionais, en función da evolución do sector dos carburantes e dos distintos tipos de biocarburantes, dos progresos alcanzados no consumo de electricidade procedente de fontes renovables no transporte e da normativa comunitaria que se estableza en materia de obxectivos de enerxía renovable no transporte e no consumo final bruto de enerxía.

Para o ano 2020, segundo o previsto na Directiva (UE) 2015/1513 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se modifica a Directiva 98/70/CE, relativa á calidade da gasolina e do gasóleo, e na Directiva 2009/28/CE, relativa ao fomento do uso de enerxía renovable procedente de fontes renovables, establécese que, para o cómputo no obxectivo de enerxías renovables no transporte, a porcentaxe de biocarburantes producidos a partir de cereais e outros cultivos ricos en amidón, de azucres, de oleaxinosas e doutros cultivos plantados en terras agrícolas como cultivos principais fundamentalmente con fins enerxéticos non poderá superar o 7 por cento.

Ademais, por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, establecerase, antes do 6 de abril de 2017, un obxectivo de venda ou consumo de biocarburantes avanzados, a listaxe dos biocarburantes que terán a consideración de avanzados, así como o factor multiplicador do contido enerxético de cada un deles, para o cumprimento, se é o caso, de cada un dos obxectivos regulados. Este desenvolvemento realizarase nos termos exixidos polo dereito da Unión Europea.

Os biocarburantes producidos a partir de residuos non implican unha demanda adicional de solo e achegan reducións considerables das emisións de gases de efecto invernadoiro. Para cumprir os obxectivos previstos, deberíase fomentar a utilización dos biocarburantes procedentes de materias primas residuais, tendo en conta o establecido na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, en particular, o principio de xerarquía de residuos. No caso dos aceites usados que contan cunha tecnoloxía madura promóvese a recollida da dita materia prima e a súa transformación para o seu uso como biocarburante.

Finalmente, o presente real decreto desenvolve a descrición dos suxeitos obrigados a acreditar o cumprimento dos obxectivos de consumo e venda de biocarburantes incluída na Lei 11/2013, do 26 de xullo, co fin de adaptala ao previsto na Lei 8/2015, do 21 de maio, pola que se modifica a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e pola que se regulan determinadas medidas tributarias e non tributarias en relación coa exploración, investigación e explotación de hidrocarburos.

## II

O presente real decreto regula a información precisa que deberán ofrecer os titulares das instalacións de distribución ao retallo de produtos petrolíferos independentes que se queiran acoller á posibilidade de informar da orixe do combustible que comercializan, que lles ofrece o artigo 43.5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro. Con esta regulación preténdese que a información que se presente aos consumidores sobre a orixe do combustible subministrado polas instalacións de subministración ao retallo sexa veraz e fiel, así como protexer os dereitos de marca dos operadores por xunto e distribuidores ao retallo que subministran estacións independentes.

## III

Co obxecto de cumprir coas obrigacións derivadas do artigo 7 da Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, así como da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, faise necesaria a compilación de datos anuais sobre aforros enerxéticos e emisións de dióxido de carbono evitadas, obtidos mediante actuacións realizadas tanto polas comunidades autónomas como aquelas levadas a cabo polas entidades locais, por iso se introduce unha disposición adicional para requirir esa información desagregada por comunidades autónomas e entidades locais de forma anual e agregada desde 2014. A forma, o contido e a desagregación en que a dita información debe ser remitida resulta un complemento indispensable para asegurar o mínimo común denominador establecido na disposición adicional, polo que se dispón que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo os determinará mediante orde.

Por outro lado, neste ámbito, para establecer as porcentaxes de repartición do obxectivo de aforro anual entre os correspondentes suxeitos obrigados, así como as cotas ou obrigacións de aforro resultantes e a súa equivalencia financeira, reguladas no capítulo IV do título III da Lei 18/2014, do 15 de outubro, faise necesaria a validación de datos sobre as vendas de enerxía dos citados suxeitos.

Por iso, introdúcese outra disposición adicional para requirir esa información á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e á Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos.

Así mesmo, en cumprimento do establecido na citada Directiva 2012/27/UE, do 25 de outubro de 2012, establécese a obrigación de realizar unha avaliación do potencial de eficiencia enerxética das infraestruturas de gas e electricidade, co fin de poder determinar as medidas e investimentos concretos nas redes que supoñan melloras de eficiencia enerxética, recóllense algúns aspectos en relación coa facturación e co acceso aos datos dos consumidores de gas e electricidade e régúlese a obrigación de achegar información aos consumidores de enerxía eléctrica sobre o potencial dos contadores de telexestión.

Finalmente, modifícanse algúns artigos do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, e recóllense determinadas previsións co fin de mellorar a información que as empresas distribuidoras e comercializadoras de gas natural e electricidade ofrecen aos seus clientes, así como o detalle da factura, o que permitirá aos consumidores dispoñer de mellor información para regular o seu consumo de enerxía.

De acordo co disposto no artigo 5.2.a) e no artigo 7, así como na disposición transitoria sétima da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, este real decreto foi sometido ao informe preceptivo da Comisión Nacional de Mercados e da Competencia. Así mesmo, realizouse o preceptivo trámite de audiencia aos interesados, segundo o previsto no artigo 24.1 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Os artigos 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución atribúen ao Estado competencia exclusiva sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente. Este real decreto ampárase nos ditos títulos competenciais, así como na disposición derradeira segunda da Lei 34/1998, do 7 de outubro, que autoriza o Goberno para aprobar, no ámbito das súas competencias, mediante real decreto, as normas de desenvolvemento da dita lei e no artigo 41 da Lei 11/2013, do 26 de xullo, que habilita o Goberno para modificar os obxectivos previstos no dito artigo, así como para establecer obxectivos adicionais.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de decembro de 2015,

## DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto do presente real decreto a introdución de medidas relacionadas co fomento da utilización dos biocombustibles e outros combustibles renovables con fins de transporte, así como a incorporación parcial ao ordenamento xurídico español da Directiva 2015/1513 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se modifica a Directiva 98/70/CE, relativa á calidade da gasolina e do gasóleo, e a Directiva 2009/28/CE, relativa ao fomento do uso de enerxía renovable procedente de fontes renovables.

Artigo 2. *Obxectivos de venda ou consumo de biocombustibles con fins de transporte.*

1. De acordo co establecido no artigo 41.4 da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego, para alcanzar os obxectivos relativos ao uso de enerxías renovables establecidos na normativa da Unión Europea, o Goberno poderá regular obxectivos de venda ou consumo de biocombustibles e outros combustibles renovables, en diante biocombustibles, con fins de transporte, e estará habilitado para modificar tanto os obxectivos regulados como para establecer obxectivos adicionais, tendo en conta a evolución do sector dos combustibles e dos biocombustibles, os progresos alcanzados no consumo de electricidade procedente de fontes renovables no transporte e da normativa comunitaria que se estableza en materia de obxectivos de enerxía renovable no transporte e no consumo final bruto de enerxía.

2. Os obxectivos de venda ou consumo de biocombustibles a que fai referencia o punto anterior son as porcentaxes das vendas ou consumos de biocombustibles sobre o total de gasolina e gasóleo vendidos ou consumidos, con fins de transporte, en contido enerxético, incluíndo os biocombustibles, e que se calcularán, para cada un dos suxeitos obrigados listados no artigo 3, de acordo coas fórmulas recollidas na normativa vixente.

3. Para o cómputo no obxectivo de enerxías renovables no transporte, a porcentaxe de biocombustibles producidos a partir de cereais e outros cultivos ricos en amidón, de azucres, de oleaxinosas e doutros cultivos plantados en terras agrícolas como cultivos principais fundamentalmente con fins enerxéticos, non poderá superar o 7 por cento do consumo final de enerxía en transporte en 2020.

Mediante resolución da Secretaría de Estado de Enerxía poderase establecer que a cota procedente de biocombustibles producidos a partir de cultivos plantados en terras agrícolas como cultivos principais fundamentalmente con fins enerxéticos e distintos dos cereais e outros cultivos ricos en amidón, dos azucres e das oleaxinosas, non se contabilice para efectos do límite establecido no parágrafo anterior, sempre e cando:

a) A verificación do cumprimento dos criterios de sustentabilidade establecidos no artigo 4, puntos 1 a 4, do Real decreto 1597/2011, do 4 de novembro, polo que se regulan os criterios de sustentabilidade dos biocombustibles e biolíquidos, o Sistema nacional de verificación da sustentabilidade e o dobre valor dalgúns biocombustibles para efectos do seu cómputo, se realizase de conformidade co artigo 6 e co artigo 7, punto 1, do mesmo real decreto.

b) Os ditos cultivos se plantasen en terras que entren dentro do ámbito de aplicación do anexo I, parte C, punto 8, do Real decreto 1597/2011, do 4 de novembro, e a prima eB correspondente definida no anexo I, parte C, punto 7, se incluíse no cálculo das emisións de gases de efecto invernadoiro para efectos de demostrar o cumprimento do estipulado no artigo 4, punto 1, do citado real decreto.

4. Mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, establecerase, antes do 6 de abril de 2017, un obxectivo indicativo de venda ou consumo de biocombustibles avanzados, entendidos estes como aqueles procedentes de materias primas que non compitan cos cultivos alimentarios, como os producidos a partir de residuos e algas, cun impacto

reducido en termos de cambio indirecto do uso da terra e cunha elevada redución global de emisións de gases de efecto invernadoiro.

A dita orde establecerá, así mesmo, a listaxe dos biocarburantes que terán a consideración de avanzados, así como o factor multiplicador do contido enerxético de cada un deles, para o cumprimento, se é o caso, de cada un dos obxectivos regulados.

**Artigo 3. *Suxeitos obrigados a acreditar o cumprimento dos obxectivos de venda ou consumo de biocarburantes con fins de transporte.***

De acordo co establecido no artigo 41.1 da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, en relación co artigo 43.1 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, os suxeitos obrigados a acreditar o cumprimento dos obxectivos a que se refire o artigo anterior son os seguintes:

- a) Os operadores por xunto, regulados no artigo 42 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, polas súas vendas anuais no mercado nacional, excluídas as vendas a outros operadores por xunto.
- b) As empresas que desenvolvan a actividade de distribución ao retallo de produtos petrolíferos, regulada no artigo 43 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, na parte das súas vendas anuais no mercado nacional non subministrado polos operadores por xunto ou por outros distribuidores ao retallo.
- c) Os consumidores de produtos petrolíferos, na parte do seu consumo anual non subministrado por operadores por xunto ou polas empresas que desenvolvan a actividade de distribución ao retallo de produtos petrolíferos.

**Disposición adicional primeira. *Obxectivos obrigatorios mínimos de venda ou consumo de biocarburantes con fins de transporte para o período 2016-2020.***

De acordo co disposto no punto 1 do artigo 2 do presente real decreto, os suxeitos a que se refire o artigo 3 deberán acreditar anualmente, perante a entidade de certificación, a titularidade dunha cantidade mínima de certificados de biocarburantes que permitan cumprir cos seguintes obxectivos obrigatorios mínimos en contido enerxético:

- a) Para o ano 2016, o obxectivo obrigatorio mínimo de biocarburantes será do 4,3 % en cómputo anual, resultado de ponderar un obxectivo do 4,1 % durante o primeiro semestre de 2016, e o obxectivo do 4,5 % durante o segundo semestre de 2016.
- b) Para os anos correspondentes ao período 2017-2020, os obxectivos de biocarburantes en cómputo anual serán:

	2017	2018	2019	2020
Obxectivos obrigatorios mínimos de biocarburantes (%)	5 %	6 %	7 %	8,5 %

**Disposición adicional segunda. *Información e documentación relativa á materia prima empregada na fabricación dos biocarburantes.***

Para a contabilización dos biocarburantes para efectos do disposto nos puntos 3 e 4 do artigo 2 do presente real decreto, as materias primas ou o biocarburante correspondente deberán ir acompañados da información e documentación que determine a entidade de certificación responsable da expedición de certificados de venda ou consumo de biocarburantes.

**Disposición adicional terceira. *Información sobre a orixe do combustible en instalacións de distribución ao retallo de produtos petrolíferos independentes.***

Segundo o previsto no artigo 43.5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, os titulares das instalacións de distribución ao retallo de produtos petrolíferos, que non pertencen á rede



de distribución dun operador por xunto, poderán informar da orixe do combustible que comercializan publicitando o operador comerciante por xunto ou distribuidor do cal adquiren o combustible.

Neste caso, deberán indicar obrigatoriamente a data de adquisición, o produto, a cantidade en metros cúbicos e a denominación social de todos os operadores por xunto e distribuidores aos cales se adquirise combustible, como mínimo, nos últimos sesenta días. Así mesmo, poderán incorporar as marcas, os logotipos ou outros signos distintivos dos ditos operadores e distribuidores, unicamente naqueles casos en que contén coa autorización previa e por escrito do titular de tales marcas, logotipos ou signos distintivos.

*Disposición adicional cuarta. Obligación de información das comunidades autónomas e entidades locais sobre os seus programas de aforro e eficiencia enerxética.*

Co obxecto de cumprir coas obrigacións derivadas da Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, desde a entrada en vigor deste real decreto, as entidades locais, así como o órgano competente de cada comunidade autónoma en materia de eficiencia enerxética, informarán anualmente, antes do 31 de decembro de cada ano, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo dos aforros enerxéticos e das emisións de dióxido de carbono evitadas, derivados das actuacións en materia de aforro e eficiencia enerxética promovidas pola entidade local ou comunidade autónoma e levadas a cabo no ámbito do seu municipio e do seu territorio respectivamente, e de forma agregada desde o 1 de xaneiro de 2014.

Mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo determinaranse a forma, o contido e a desagregación en que a dita información debe ser remitida, así como a metodoloxía de cálculo.

*Disposición adicional quinta. Obligación de información da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e da Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos sobre vendas de enerxía.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, así como a Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos, enviarán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, antes do 30 de setembro de cada ano e en formato electrónico, a información sobre as vendas de enerxía correspondentes ao ano anterior, expresadas en GWh, dos suxeitos obrigados no marco do Sistema nacional de obrigacións de eficiencia enerxética, regulados no capítulo IV do título III da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Para cubrir a dita información deberánse ter en conta as definicións e os factores de conversión establecidos na normativa vixente respecto do procedemento de envío de información dos suxeitos obrigados do sistema de obrigacións de eficiencia enerxética no relativo ás súas vendas de enerxía.

*Disposición adicional sexta. Avaliación sobre o potencial de eficiencia enerxética nas infraestruturas de gas e electricidade.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá en consideración a eficiencia enerxética no desempeño das súas funcións reguladoras, en particular nas decisións que afecten a explotación das infraestruturas de gas e electricidade, así como no relacionado coas metodoloxías para o establecemento de peaxes e canons de acceso ás instalacións.

2. Antes de que transcorran tres meses desde a entrada en vigor do presente real decreto, as empresas distribuidoras e as empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas natural remitirán á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia unha avaliación do potencial de eficiencia enerxética das infraestruturas da súa titularidade. Na dita avaliación deberánse incluír medidas e actuacións concretas para

mellorar a eficiencia enerxética sempre que a análise custo beneficio sexa positiva e cun calendario para a súa execución.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá á Secretaría de Estado de Enerxía, antes de que transcorran seis meses desde a entrada en vigor da presente disposición, un informe cunha avaliación do potencial de eficiencia enerxética das infraestruturas de transporte e distribución de enerxía eléctrica e de gas natural con base nas avaliacións. Nel recolleranse a análise das actuacións presentadas polas empresas e propostas para a súa implementación.

Disposición adicional sétima. *Estudo dos custos de alugamento de contadores.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia levará a cabo, antes do 31 de decembro de 2016, o primeiro estudo relativo ao prezo aplicable ao alugamento de contadores a que fai referencia o artigo 49.8 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro. O dito estudo incluírá unha análise sobre a idade media do parque de contadores en alugamento.

Disposición adicional oitava. *Facturación aos clientes de gas e electricidade.*

1. Todos os comercializadores deberán ofrecer aos seus clientes un sistema de facturación electrónica e a consulta da súa facturación en liña, así como dispoñer na súa páxina web dun sistema que permita aos seus clientes acceder, de forma telemática e gratuíta, a todas as súas facturas de, ao menos, os últimos dous anos.

2. Os comercializadores de gas e os distribuidores de enerxía eléctrica facilitarán o acceso electrónico aos seus clientes, ou consumidores conectados ás súas redes, segundo corresponda, e ás empresas de servizos enerxéticos debidamente autorizadas por estes, de forma que teñan á súa disposición os datos correspondentes, como mínimo, aos tres anos anteriores ou ao período contado desde o inicio da súa contratación da subministración, se este é de menor duración. Os datos corresponderán cos intervalos en que se presentou información frecuente sobre facturación. A forma de acceder o consumidor aos ditos datos deberá figurar con formato claro e lexible nas facturas das comercializadoras.

3. Naqueles casos en que un consumidor cambie de comercializador, o anterior comercializador manterá o acceso do dito consumidor á información que lle corresponda de acordo cos puntos anteriores, relativos ao período en que existiu a relación contractual entre ambos, durante os dous ou tres anos seguintes, respectivamente.

4. Todos os aspectos previstos na presente disposición se aplicarán de acordo co previsto na normativa do sector do gas e do sector eléctrico, segundo corresponda.

Disposición adicional novena. *Información ao consumidor de enerxía eléctrica.*

As empresas distribuidoras de enerxía eléctrica facilitarán aos consumidores asesoramento e información apropiados sobre os contadores de telexestión, en particular sobre o seu pleno potencial en relación coa xestión da lectura dos contadores e o seguimento do consumo enerxético.

Disposición transitoria única. *Adaptación das facturas dos comercializadores e sistemas dos distribuidores de gas natural e dos comercializadores de enerxía eléctrica.*

Os comercializadores e distribuidores de gas natural dispoñerán dun prazo máximo de seis meses desde a publicación do presente real decreto para realizar as adaptacións necesarias co fin de dar cumprimento ao disposto na nova redacción dos artigos 49, 51 e 53 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, e na disposición adicional oitava do presente real decreto.

Así mesmo, os comercializadores de enerxía eléctrica dispoñerán dun prazo máximo de seis meses desde a publicación do presente real decreto para realizaren as adaptacións necesarias co fin de dar cumprimento ao disposto na disposición adicional oitava do presente real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1597/2011, do 4 de novembro, polo que se regulan os criterios de sustentabilidade dos biocarburentes e biolíquidos, o Sistema nacional de verificación da sustentabilidade e o dobre valor dalgúns biocarburentes para efectos do seu cómputo.*

Modifícase o punto 5 do artigo 9 do Real decreto 1597/2011, do 4 de novembro, polo que se regulan os criterios de sustentabilidade dos biocarburentes e biolíquidos, o Sistema nacional de verificación da sustentabilidade e o dobre valor dalgúns biocarburentes para efectos do seu cómputo, que pasa a ter a seguinte redacción:

«5. Suxeitos obrigados á venda ou consumo de biocarburentes, establecidos na normativa vixente.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo, se regula o uso de determinados biocarburentes e o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo.*

Modifícase o artigo 8.5.a), que quedará redactado co seguinte teor:

«a) No caso de gasolinas con máis dun 5 por cento en volume de bioetanol ou máis dun 2,7 por cento en masa de oxíxeno, deberase informar o consumidor co seguinte anuncio: «Antes de utilizar este produto asegúrese de que é apto para o seu motor.»»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.*

Un. O artigo 49 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 49. *Equipamentos de medida.*

1. En cada punto de subministración instalárase un equipamento de medida. Estes equipamentos terán superado o control metrolóxico establecido na Unión Europea e cumprirán coas normas UNE-EN que lle sexan de aplicación.

A instalación dos equipamentos de medida, en instalacións receptoras conectadas a redes de menos de 4 bar, realizarase preferentemente en zonas comúns, de acordo co previsto na norma UNE 60670, e, unha vez finalizada esta, procederase a precintalos de maneira que se asegure que non poidan ser manipulados por terceiros. Cando o equipamento de medida se sitúe dentro do límite de propiedade do usuario, este deberá facilitar o acceso ao persoal enviado pola compañía distribuidora debidamente acreditado que realice tarefas de lectura, de instalación, de retirada, de substitución e/ou mantemento.

2. Os equipamentos de medida poderán ser propiedade do consumidor ou poderán ser alugados por este.



No caso dos consumidores actualmente acollidos ás tarifas ou peaxes do grupo 3, ou a aquelas que no futuro as poidan substituír, as empresas distribuidoras están obrigadas a poñer á súa disposición equipamentos de medida para o seu alugamento. Os distribuidores instalarán os contadores dos consumidores acollidos a este grupo de peaxes, tanto se son alugados como se son propiedade do consumidor e proporcionados por este, e non poderán exixir ningunha cantidade por iso.

En todos os casos os equipamentos de medida serán precintados por persoal do distribuidor ou autorizado por el, sen que poida percibir por iso ningunha compensación económica.

3. Os consumidores incluídos nalgún dos grupos seguintes deberán dispoñer de equipamentos de telemedida capaces de realizar a medición como mínimo de caudais diarios:

a) Os consumidores conectados a gasodutos cuxa presión máxima de deseño sexa superior a 60 bar.

b) Os consumidores conectados a gasodutos cuxa presión de deseño sexa inferior ou igual a 60 bar e cuxo consumo anual sexa superior a 5.000.000 kWh.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, en función da evolución da tecnoloxía e da evolución do mercado, poderá modificar mediante orde os límites para establecer a dita obrigación.

Así mesmo, en función dos resultados da avaliación económica dos custos e beneficios para a súa implantación, o ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderá establecer a obrigatoriedade de uso de contadores intelixentes, así como os plans de desenvolvemento para a súa implantación.

Para estes efectos, cando a evolución tecnolóxica dos contadores ou do mercado o aconsellen, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia realizará un estudo cunha completa análise económica que reflecta un balance entre os custos e beneficios de todos os axentes implicados na cadea de gas: transportistas, distribuidores, comercializadores e consumidores, para calcular se a súa implantación é beneficiosa para o conxunto da sociedade. O dito estudo será remitido ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Os distribuidores de gas poderán establecer plans de desenvolvemento e implantación de contadores intelixentes nas súas redes de distribución sempre que non supoñan un encarecemento dos custos que repercuta nos consumidores, incluídos os correspondentes á realización das lecturas ou ao alugamento dos equipamentos.

4. Por petición do consumidor e por conta deste, poderanse instalar equipamentos de medida de funcionamento por moedas, tarxetas ou outros sistemas de autocontrol, que se acomodarán á estrutura tarifaria vixente. Estes equipamentos de medida deberán ser de modelo aprobado ou ter autorizado o seu uso e contar con verificación primitiva, ou a que corresponda, e precintaxe.

5. Os equipamentos de medida de gas natural subministrado aos consumidores deberán incorporar os elementos necesarios para a medición das magnitudes requiridas para a facturación dos contratos de acceso á rede.

6. O consumidor será responsable da custodia dos equipamentos de medida e control e o propietario destes serao do seu mantemento.

7. Cada cinco anos a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia realizará un estudo sobre o prezo mensual que se aplicará ao alugamento de contadores destinados a clientes a redes de presión inferior ou igual a 4 bar e consumo inferior ou igual a 50.000 kWh/ano por parte dos distribuidores.»

Dous. O artigo 51 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 51. *Lectura das subministracións.*

1. A lectura das subministracións será responsabilidade das empresas distribuidoras, que a poñerán á disposición do consumidor e do comercializador que o subministra.

2. A periodicidade da lectura será mensual para aqueles usuarios cun consumo anual superior a 100.000 kWh. No resto dos casos, a periodicidade será mensual ou bimestral.

Para efectos de realización das lecturas dos contadores situados no interior das vivendas, a empresa distribuidora comunicará con antelación ao cliente a data e a hora previstas da visita, así como un teléfono de atención ao cal se poida dirixir o cliente, e os sistemas de que dispón para que o cliente poida comunicar a lectura do contador. Esta comunicación poderase realizar mediante a publicación dun aviso no taboleiro de anuncios do edificio con, ao menos, dous días de antelación.

3. Nos casos en que por causas alleas ao distribuidor non fose posible efectuar a lectura do contador, os distribuidores poñerán á disposición dos consumidores e dos comercializadores un sistema para a comunicación da lectura do contador. Para estes efectos, deberán dispoñer, ao menos, dun número de teléfono gratuíto ou convencional sen tarificación adicional nin especial e de medios telemáticos sen custo adicional, e deberanse asegurar de que o consumidor teña constancia da recepción da súa comunicación.

Os comercializadores incluírán en todas as facturas emitidas con lecturas estimadas polo distribuidor a información sobre o procedemento para a comunicación da lectura real do contador por parte do consumidor ao distribuidor.

4. Naqueles casos en que non fose posible a realización da lectura do contador por causas alleas ao distribuidor nin o consumidor facilítase a lectura, o distribuidor poderá realizar unha estimación do consumo con base no perfil de consumo do dito punto de subministración, cunha regularización mínima anual con base na lectura real. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá establecer por resolución o procedemento de estimación dos consumos.

5. Se como consecuencia dunha regularización con base na lectura real se facturasen cantidades inferiores ás debidas, a diferenza, para efectos de pagamento, será rateada en tantas facturas como meses transcorreron desde a última lectura real.

Se como consecuencia de erros administrativos por parte da empresa distribuidora se facturasen cantidades inferiores ás debidas, a diferenza, para efectos de pagamento, será rateada en tantas facturas como meses transcorreron no erro, sen que poida exceder seis meses o aprazamento nin o período que se vaia rectificar, excepto no caso en que a lectura subministrada polo consumidor fose inferior á real.

Se se facturasen cantidades superiores ás debidas, a devolución producirase na primeira factura desde a lectura real, sen que se poida producir fraccionamento nos importes que se vaian devolver. Neste caso, aplicarase ás cantidades adiantadas o xuro legal do diñeiro vixente no momento da refacturación. No caso en que a lectura subministrada polo consumidor sexa superior á real non se aplicarán os xuros.

A non facturación en prazo e o atraso na toma de lecturas reais pola empresa distribuidora terán o mesmo tratamento que os erros de tipo administrativo, salvo nos casos en que o consumidor non permitise o acceso ao contador nin subministrase a lectura deste.»

Tres. Modifícase o artigo 53, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 53. *Contido das facturas.*

1. As facturas pola aplicación de tarifas, peaxes e canons expresarán todas as variables que serven de base para o cálculo da cantidade por cobrar. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá aprobar, mediante resolución que será publicada no «Boletín Oficial del Estado», un modelo do contido mínimo da factura para os consumidores domésticos con consumo inferior a 50.000 kWh/ano. O dito modelo será obrigatorio para as subministracións realizadas polos comercializadores de último recurso aos consumidores acollidos á tarifa de último recurso.

2. As facturas das empresas comercializadoras aos seus consumidores deberán incluír, en todo caso, a seguinte información:

- a) Código de identificación universal do punto de subministración (CUPS).
- b) Data de emisión da factura.
- c) Período a que corresponde a facturación e lecturas do contador no dito período.
- d) Consumo de gas facturado para o dito período.
- e) Indicación de se o volume facturado é real ou estimado.
- f) Tarifas aplicadas e, se é o caso, disposicións oficiais en que se aprobaron e datas de publicación no «Boletín Oficial del Estado».
- g) Presión de subministración e factores de conversión de poder calorífico aplicado, coa súa xustificación. En particular, deberá figurar o enderezo da páxina web publicada polo xestor técnico do sistema onde o consumidor poida verificar o PCS de facturación correspondente ao seu termo municipal.
- h) Descrición detallada da regularización en caso de terse realizado unha estimación do consumo en períodos precedentes.
- i) Indicación das porcentaxes correspondentes á imputación de custos destinados á retribución do xestor técnico do sistema e as taxas aplicables pola prestación de servizos e realización de actividades en relación co sector de gas natural, se é o caso.
- j) Teléfono gratuito de atención de urxencias do distribuidor.
- k) Historial de consumo facturado do punto de subministración durante os dous últimos anos ou desde a data dispoñible en caso de terse iniciado a subministración pola empresa con posterioridade.
- l) Nas facturas dos comercializadores aos consumidores, ademais, deberá figurar a tarifa de acceso a que estivese acollida a subministración.

3. As facturas do titular das instalacións aos comercializadores e consumidores cualificados que fagan uso do dereito de acceso de terceiros á rede, polo termo de condución da peaxe de transporte e distribución, conterán, en todo caso, a información reflectida no punto anterior.

A facturación do titular das instalacións aos comercializadores poderase realizar mediante unha factura agregada e xuntar o detalle de facturación coa información de cada cliente en formato electrónico.

4. O comercializador incluírá, se é o caso, na súa factura e de forma detallada, a cantidade correspondente ao alugamento de contadores ao consumidor por parte do distribuidor, o canon de instalacións comúns, o custo das inspeccións regulamentarias realizadas, así como outros servizos que regulamentariamente se establezan que poidan ser cobrados polo comercializador por conta do distribuidor.

No caso de que o comercializador realice a facturación do alugamento de contadores por conta do distribuidor, deberá figurar no contrato do comercializador que este teña co consumidor.

5. O distribuidor estará obrigado a comunicar a calquera consumidor conectado ás súas instalacións que o solicite o código de identificación universal do punto de

subministración que lle corresponde, xunto coa información necesaria para facilitar o cambio de subministrador.

6. Todos os comercializadores deberán ofrecer aos seus clientes un sistema de facturación electrónica e a consulta da súa facturación en liña, así como dispoñer na súa páxina web dun sistema que permita aos seus clientes acceder de forma telemática e gratuíta a todas as súas facturas de, ao menos, os últimos dous anos.

Así mesmo, facilitarán o acceso electrónico aos seus clientes e ás empresas de servizos enerxéticos debidamente autorizadas por estes, de forma que teñan á súa disposición os datos correspondentes, como mínimo, aos tres anos anteriores ou ao período contado desde o inicio da súa contratación da subministración, se este é de menor duración. Os datos corresponderán cos intervalos en que se presentase información frecuente sobre facturación. A forma de acceder aos ditos datos deberá figurar con formato claro e lexible nas facturas.

Naqueles casos en que un consumidor cambie de comercializador, o anterior comercializador manterá o acceso do dito consumidor á información recollida nos dos parágrafos anteriores, relativa ao período en que existiu a relación contractual entre ambos, durante os dous ou tres anos seguintes, respectivamente.

7. Os comercializadores que subministren a usuarios finais dispoñerán dun número de teléfono, dun enderezo postal e dun enderezo de correo electrónico aos cales os usuarios poidan solicitar explicacións claras e comprensibles sobre os conceptos en que están baseadas as súas facturas, así como un servizo de atención de queixas, reclamacións e incidencias en relación co servizo contratado ou ofertado, así como solicitudes de información sobre os aspectos relativos á contratación e á subministración ou ás comunicacións. Os ditos números de teléfono, enderezo postal e enderezo de correo electrónico aos cales o consumidor se poida dirixir deberán figurar nas facturas e serán gratuítos.

8. Sen prexuízo do contido que, en todo caso, deberá figurar nas facturas de acordo co establecido no presente artigo, as empresas comercializadoras poderán poñer á disposición dos clientes que así o soliciten plans flexibles de pagamento.

9. Os comercializadores facilitarán aos clientes que o soliciten información e estimacións sobre o custo da subministración de gas natural nun formato facilmente comprensible, que os usuarios poidan utilizar para comparar ofertas en condicións de igualdade. Para estes efectos, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá aprobar unha metodoloxía e formato para a estimación deste custo que deberán ter os comercializadores á disposición dos consumidores e na súa páxina web.

10. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia publicará, ou incluírá os enlaces aos organismos públicos que o publiquen, información sobre a estimación do consumo enerxético en función da vivenda e do seu equipamento, sobre as medidas dispoñibles de mellora de eficiencia enerxética e especificacións técnicas obxectivas dos equipamentos que utilicen enerxía.

11. Os distribuidores, os comercializadores e os subministradores de enerxía a partir de gas natural incluírán nos seus contratos, nas modificacións destes, nas facturas e na súa páxina web os datos de contacto e páxina web da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía e do organismo competente da comunidade autónoma, onde poden obter información sobre as medidas de eficiencia enerxética dispoñibles, os perfís comparativos do seu consumo de enerxía e as especificacións técnicas dos electrodomésticos que poidan servir para reducir o consumo destes aparellos.

12. En ningún caso os comercializadores poderán facturar ningunha cantidade aos seus clientes pola emisión das facturas nin polo acceso aos seus datos de consumo.

13. O incumprimento do disposto neste artigo terá a consideración de infracción grave de acordo co disposto no artigo 110.s) da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira quinta. *Incorporación de normas do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpóranse parcialmente ao ordenamento xurídico español a Directiva 2015/1513 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se modifican a Directiva 98/70/CE, relativa á calidade da gasolina e do gasóleo, e a Directiva 2009/28/CE, relativa ao fomento do uso de enerxía renovable procedente de fontes renovables, e a Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro, relativa á eficiencia enerxética, pola que se modifican as directivas 2009/125/CE e 2010/30/UE, e pola que se derrogan as directivas 2004/8/CE e 2006/32/CE.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo os artigos 1 a 3 e a disposición adicional primeira que o farán o día 1 de xaneiro de 2016, así como a disposición adicional terceira e a disposición derradeira segunda, que o farán aos sesenta días da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de decembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,  
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ